

## BASES

- 1.- Poderán participar nenos e nenas, matriculados en centros de ensino galegos, de ata 12 anos de idade, cumpridos ó longo do ano 2011.
- 2.- Os textos ou as fotografías serán inéditas e autorízase ós editores e portal e espazos producidos por Galicia Ambiental para a súa publicación.
- 3.- A temática será libre, pero o xurado valorará que teñan relación con temáticas abordadas nas materias e/ou actividades relacionadas co medio natural no seu centro; téndose en conta, no caso das fotografías, que foran tomadas no decurso de actividades, viaxes de estudo, etc. organizadas polo centro ou a súa ANPA.
- 4.- É obxectivo deste concurso recoñecer ós autores de textos e/ou imaxes que axuden a coñecer e divulgar especies e/ou espazos naturais do país e aqueles traballos que poñan en evidencia comportamentos non axeitados (foto-denuncia).
- 5.- Establécense por elo dous primeiros premios, un por categoría:

### CATEGORÍA FOTO - DIVULGATIVA

- Para o alumno gañador: un equipo fotográfico.
- Para o centro ó que pertenza: libros e documentos para uso no centro con temática ambiental.

## CATEGORÍA REDACCIÓN

- Para o alumno gañador: un equipo informático portátil.
- Para o centro ó que pertenza: un lote de material divulgativo e sensibilizador sobre reciclaxe.

6 A.- Os nen@s que desexen participar no concurso de fotografía deben cubrir os datos do formulario e subir unha foto na dirección:  
[www.galiciaambiental.net/participa.php](http://www.galiciaambiental.net/participa.php) ou no icono "Participa" desta web. Os envíos de fotografías poderán “subirse” á web entre o 1 de abril e ate o 30 de novembro de 2011 e cada participante non poderá enviar máis dun exemplar. A resolución das fotografías non debe superar os 685.286 bytes (1024x768 pixeles) e deben ser enviadas en formato JPG.

6 B.- Os nen@s que desexen participar no concurso de redacción poderán enviar o seu texto ate o 30 de novembro de 2011, sen imaxes, como documento adxunto, en formato Word ou compatible, con unha extensión máxima de 2 folios en corpo 12, ó enderezo electrónico [concurso@galiciaambiental.net](mailto:concurso@galiciaambiental.net). Ó remate da redacción e na portada do correo electrónico, indicarán o nome completo do autor, o seu teléfono de contacto, a idade e o centro escolar no que estuda

7.- No caso do concurso fotográfico, a imaxe deberá vir acompañada dos seguintes datos:

- Título
- Descripción
- Nome do fotógrafo
- Teléfono de contacto
- Idade
- Centro escolar e localidade

8.- O equipo de redacción de Galicia Ambiental realizará unha selección previa das fotografías / redaccións recibidas semanalmente para se amosadas na páxina web, pasando á selección final todas as fotografías e redaccións. As máis salientables poderan ser publicadas na sección do concurso na páxina web [www.galiciaambiental.net](http://www.galiciaambiental.net), sin que elo presupuña vantaxe algún na elección final dos premiados.

9.- De entre os textos e fotografías presentadas, o xurado elixirá a gañadora en cada categoría. Reunirase na primeira quincena de decembro e estará composto por:

- 1 Representante de SOGAMA

- 1 Representante de GESTÁN

- 1 foto-xornalista

- 1 representante da redacción de Galicia Ambiental

O seu dictame, que non é apelable, publicarase na web. A entrega de premios celebrarase nos 30 días seguintes a reunión do xurado.

10.- A participación no concurso leva implícita a aceptación das bases\*, a autorización de reprodución das imaxes e o compromiso persoal da orixinalidade e autoría das fotografías e redaccións.

INFORMACIÓN: na páxina web [www.galiciaambiental.net](http://www.galiciaambiental.net) ou no teléfono 661708586